

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A DEMANDA AO GOBERNO DO ESTADO DO ESTABLECEMENTO DE BONIFICACIÓNS NAS PEAXES DA AUTOESTRADA AP-53 QUE COMUNICA SANTIAGO DE COMPOSTELA E OURENSE

Galicia padece un agravio comparativo en materia de infraestruturas viarias con respecto a outras comunidades autónomas polas peaxes das autoestradas estatais, que inciden negativamente na economía doméstica e reducen competitividade ás empresas, agravando o efecto da situación xeográfica periférica na que se atopa.

A comezos de setembro dúas autoestradas estatais, de Aragón e de Cataluña, quedaban liberadas de peaxe pola fin da concesión, un feito que sitúa a Galicia como a comunidade con máis peaxes nas autoestradas estatais.

O pasado 29 de setembro, o Pleno do Parlamento de Galicia acordaba por unanimidade realizar unha demanda ao Goberno do Estado para que establecera bonificacións na autoestrada AP-53 que comunica Santiago e Ourense.

É unha medida moi necesaria e agardada desde hai tempo tendo en conta, entre outros motivos, que se trata da conexión máis directa por estrada entre a capital de Galicia e o centro da península, que é un dos tramos máis caros do Estado e debe ser das poucas -senón a única autoestrada- que non ten ningún tipo de bonificación para as persoas usuarias.

O propio Pleno do Concello de Santiago adoptou por unanimidade hai máis de 5 anos un acordo para a rebaixa da "inasumible" peaxe da AP-53 entre Santiago e Ourense -que incluía a solicitude da transferencia á Xunta de Galicia desta autoestrada-, sen que ata o de agora se teña logrado ningún resultado concreto.

Tendo en conta a recente unanimidade acadada no Parlamento de Galicia respecto a esta autoestrada, os grupos municipais do Concello de Santiago propoñen adherirse ao texto aprobado na Cámara galega sometendo ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

- *Instar á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53, que vertebra o interior de Galicia, comunicando Santiago e Ourense, similares ás que se veñen de aplicar na AP-9, tendo especialmente en conta aos usuarios recorrentes e aos transportistas e incluíndo a familias numerosas.*
-

Santiago de Compostela, 29 de outubro do 2020

Gumersindo Guinarte Cabada

Portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Portavoz do grupo municipal do PP

Marta Lois González

Portavoz do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei

Portavoz do grupo municipal do BNG

- **Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
